PROXECTO E BASES

MERCA EN MONTERROSO, NADAL 2026

XUSTIFICACIÓN:

O Concello de Monterroso, en colaboración con un grupo de empresarios da vila convoca e participa na organización do evento MERCA EN MONTERROSO, entre os días 1 de decembro de 2026 e 6 de xaneiro de 2027, có obxectivo de incentivar e potenciar o consumo na vila.

EVENTO:

Apertura dos comercios participantes na rúa, para promover o consumo na vila.

Os negocios poderán ocupar suelo público durante os días entre os días 1 de decembro e 6 de xaneiro en horario comercial para poder desenvolver a actividade e exporán ao público os distintivos que lles prosporcionará o concello.

O concello desenvolverá dous sorteos de 480´00 € cada ún repartidos en vales de compra nos negocios participantes, e nunca superarán os 30´00 € cada un

BASES DE PARTICIPACIÓN:

A campaña desenvolverase os días entre os días 1 de decembro de 2026 e 6 de xaneiro 2027, dentro do evento MERCA EN MONTERROSO, sempre que o número de negocios participantes sexa de 12 ou máis inscritos.

Os negocios interesados en participar deberán inscribirse antes do día 20 de novembro, por whatsapp no teléfono da traballadora de cultura ou no Espazo Cultural Lorenzo Vareela. Tamén farán constar as mesas e vallas que precisan para desenvolver á actividade.

BASES DO SORTEO:

A campaña desenvolverase os días entre os días 1 de decembro de 2026 e 6 de xaneiro 2027, dentro do evento MERCA EN MONTERROSO.

Os negocios interesados en participar deberán inscribirse antes do día 20 de novembro, por whatsapp no teléfono da traballadora de cultura.

O concello proporcionará aos negocios participantes as papeletas e urnas para desenvolver o sorteo, estes deberán cubrir o recadro correspondente para coñecer a procedecias das papeletas.

Non se poderán presentar ao sorteo os titulares dos comercios participantes, se son personas físicas

ou se os empresarios son persoas xurídicas, os socios, os seus familiares directos (cónxuxes, ascendentes ou descendentes en primeiro grado) ou os seus empregados, con papeletas obtidas por compras no seu propio establecimiento.

Consideranse papeletas válidas as que conteñan todos os datos requeridos para la identificación dos participantes (nome, apelidos e teléfono) para así poder localizalos para realizar a entrega do premio.

Os comercios participantes entregarán as papeletas para os sorteos os días 23 de decembro e 7 de xaneiro antes das 10:00 h. da mañá.

Os sorteos realizanrse os días 23 de decembro e 7 de xaneiro ás 11:00 h. no Espazo Cultural Lorenzo Varela e será retransmitido por redes sociais.

AS TARXETAS AGASALLO:

Serán entregadas no Espazo Lorenzo Varela no momento que se recolla o material para o sorteo (Papeletas e urnas) Terán o importe que se deduza do total do orzamento repartido entre o número de negocios participantes, e nunca superarán os trinta euros.

Deberán ter data de caducidade de 60 días a partir da data do último sorteo. Neste caso vencerán o día 7 de marzo de 2027

Unha vez que os gañadores recollan a súa tarxeta e realicen o gasto no negocio correspondente, este facturará ao Concello de Monterroso, en concepto de 1 tarxeta agasallo e a axuntará á factura que presente no rexistro municipal.

A data límite para facturar o canxe das tarxetas agasallo será o venres 12 de marzo

Anexo I: Listado de premios

2 SORTEOS POR IMPORTE DE 480 € CADA UN, TOTAL DA ACTIVIDADE 960 €